

ANUNCIO

A Comisión Seleccionadora reunida o día 25/11/2021 para a valoración do primeiro exercicio para a selección de persoal para os supostos de extinción do contrato e substitución da persoa contratada como axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL) e formación dunha listaxe ou bolsa de emprego no Concello de Melide, de acordo co disposto na base 6.1 das bases da convocatoria en relación coa dita valoración do primeiro exercicio formula a seguinte puntuación:

Nº	NOME	TOTAL
1	MÓNICA CARDELLE ROUCO	5,10
2	JAVIER RODRÍGUEZ SÁNCHEZ	5,40
3	M ^a LUISA CARREIRA GARCÍA	6,00
4	DIEGO SEGADE MIRAGAYA	6,60
5	YOLANDA BARREIRO GAREA	5,40
6	M ^a DE LOS ÁNGELES BOADO VÁZQUEZ	6,90
7	M ^a CARMEN LÓPEZ LÓPEZ	4,80
8	TAMARA MATO MELLA	5,70
9	BELÉN GAREA VALIÑO	NP

Ao mesmo tempo publícase os anexos relativos as Instrucións, test e corrector do exame.

ANEXO I.- INSTRUCCIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO TIPO TEST DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTAXE OU BOLSA DE EMPREGO NOS SUPPOSTOS DE EXTINCIÓN DO CONTRATO E SUBSTITUCIÓN DA PERSOA CONTRATADA COMO AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (AEDL) NO CONCELLO DE MELIDE.

NOME: _____
APELIDOS: _____
DNI: _____
DATA: _____

SINATURA: _____

INSTRUCCIÓN A TER EN CONTA PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN TIPO TEST.

- 1.- O tempo de realización desta proba tipo test é de 45 minutos, segundo o temario que se inclúe no ANEXO IV das respectivas bases.
- 2.- Cada aspirante disporá dun cuadernillo coa relación das 30 preguntas máis tres de reserva, con tres alternativas sendo só unha delas a correcta, sen que resten as respostas incorrectas.
- 3.- Entregarase a cada aspirante un cadro de respostas onde deberán indicar en cada pregunta a resposta correcta, a/b/c, e no que deberán poñer o seu nome, apelidos, DNI data e asinalo.
- 4.- A proba tipo test valorarase con 9 puntos, sendo de 0,30 a puntuación de cada pregunta, debendo obter un mínimo de 4,50 puntos.
- 5.- Tanto as preguntas como o cadro coas respostas correctas serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello na sede electrónica e na páxina web municipal.

31	
32	
33	

16	
17	
18	
19	
20	
21	
22	
23	
24	
25	
26	
27	
28	
29	
30	

ANEXO II.- TEST

PRIMEIRO EXERCICIO TIPO TEST DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTAXE OU BOLSA DE EMPREGO NOS SUPOSTOS DE EXTINCIÓN DO CONTRATO E SUBSTITUCIÓN DA PERSOA CONTRATADA COMO AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (AEDL) NO CONCELLO DE MELIDE.

1.- O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e o Fondo Social Europeo (FSE) son:

- a) Fondos de Cohesión.
- b) Fondos estruturais.
- c) Programas operativos.

2.- Na composición do activo circulante dunha empresa, o esixible fai referencia:

- a) Ás existencias.
- b) Aos provedores.
- c) Aos dereitos de cobramento.

3.- Na análise DAFO a recesión da economía supón unha:

- a) Ameaza.
- b) Fortaleza.
- c) Debilidade.

4.- As Contas Anuais dunha empresa están compostas por:

- a) Libro Diario, Inventario e Memoria.
- b) Balance, Conta de Perdas e Ganancias e Memoria.
- c) Balance, Libro Diario e Libro Maior.

5.- Indique cal dos seguintes programas da Xunta de Galicia non está orientado á inserción laboral dos/as desempregados/as:

- a) Subvención para entidades locais que contraten traballadores/as desempregados/as para a realización de obras e servizos de interese xeral e social.
- b) Subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA.

- c) Ampliación da redución da cota da seguridade social para a consolidación do traballo autónomo.

6.- Cantos niveis de cualificación profesional teñen os certificados de profesionalidade?

- a) 2.
b) 3.
c) 4.

7.- ERASMUS é o programa europeo que busca promover as seguintes áreas:

- a) Perspectivas de emprego.
b) Desenvolvemento persoal.
c) Todas son correctas.

8.- Non forma parte das institucións da Unión Europea:

- a) O Parlamento Europeo.
b) O Tribunal de Estrasburgo.
c) O Consello da Unión Europea.

9.- Cando o "Fondo de manobra" é negativo:

- a) Prodúcese unha situación perfecta de equilibrio financeiro. A compañía terá a opción de atender os seus compromisos de pago no curto prazo.
b) Os activos correntes resultan inferiores ao pasivo. Hai unha situación de desequilibrio económico e, polo tanto, a empresa terá problemas para sufragar débedas, co risco de declararse en suspensión de pagos.
c) O fondo de manobra nunca pode ser negativo.

10.- Para acceder ás accións formativas dos certificados de profesionalidade de nivel 3 e 4, o alumnado deberá estar en posesión, antes de iniciar o curso, de determinadas titulacións mínimas ou ter as competencias clave necesarias. Non é unha materia obxecto das competencias clave:

- a) Lingua galega.
b) Ciencias sociais.
c) Matemáticas.

11.- Entre as funcións dos/as AEDL enumeradas no artigo 3 da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade, do 15 de outubro de 2020, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2020, non está incluída:

- a) A prospección de recursos ociosos ou infrautilizados de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local.
b) A difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre as persoas desempregadas, promotores e emprendedores.
c) O apoio a usuarios para o desenvolvemento de habilidades e para afrontar con éxito os procesos de selección.

12.- Os programas integrados de emprego levan aparelado o compromiso de inserir laboralmente a un mínimo do:

- a) 25% das persoas atendidas durante o desenvolvemento do programa.
b) 35% das persoas atendidas durante o desenvolvemento do programa.
c) 45% das persoas atendidas durante o desenvolvemento do programa.

13.- Os conceptos polos que cotiza un/unha traballador/a no Réxime Xeral da Seguridade Social son:

- a) Continxencias comúns, desemprego, formación profesional e FOGASA.
- b) Continxencias comúns, accidente de traballo, enfermidade profesional e desemprego.
- c) Continxencias comúns, desemprego, formación profesional e horas extraordinarias.

14.- Nos programas de fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais terán preferencia na contratación:

- a) Os homes.
- b) As persoas desempregadas maiores de corenta anos.
- c) As persoas paradas de longa duración.

15.- Segundo o artigo 10 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderán obter a condición de beneficiario/a ou entidade colaboradora das subvencións reguladas na presente lei as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias seguintes, agás que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

- a) Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- b) Non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- c) Atoparse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

16.- De conformidade co estipulado no artigo 19.4 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa:

- a) Con carácter ordinario, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- b) Con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- c) Con carácter extraordinario, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, culturais ou deportivas, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

17.- Entenderase como servizo de prevención de acordo co previsto no artigo 31.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais:

- a) O conxunto de medios humanos e materiais necesarios para realizar as actividades preventivas a fin de garantir a adecuada protección da seguridade e a saúde dos/as traballadores/as, asesorando e asistindo para iso ao/á empresario/a, aos/ás traballadores/as e aos/ás seus/súas representantes e aos órganos de representación especializados.
- b) O conxunto de medios materiais necesarios para realizar as actividades preventivas a fin de garantir a adecuada protección da seguridade e a saúde dos/as traballadores/as, asesorando e asistindo para iso ao/á empresario/a, aos/ás traballadores/as e aos/ás seus/súas representantes e aos órganos de representación especializados.
- c) O conxunto de medios humanos necesarios para realizar as actividades preventivas a fin de garantir a adecuada protección da seguridade e a saúde dos/as traballadores/as,

asesorando e asistindo para iso ao/á empresario/a, aos/ás traballadores/as e aos/ás seus/súas representantes e aos órganos de representación especializados.

18.- Para que un proxecto poida ser cualificado como "Iniciativa de Emprego de Base Tecnolóxica" (IEBT) e inscribirse no rexistro correspondente, deberá reunir, entre outros requisitos, a viabilidade:

- a) Técnica, financeira e comercial.
- b) Económica, financeira e comercial.
- c) Técnica, económica, financeira e comercial.

19.- Os obradoiros de emprego e as escolas obradoiro son:

- a) Programas que non son mixtos, destinados á mellora da empregabilidade das persoas desempregadas, alternando a formación para o emprego con práctica laboral.
- b) Programas mixtos, destinados á mellora da empregabilidade das persoas desempregadas, alternando a formación para o emprego con práctica laboral.
- c) Programas mixtos, destinados á mellora da empregabilidade das persoas desempregadas, alternando a formación para o emprego coa práctica formativa.

20.- Segundo se desprende do artigo 4 do Real Decreto Legislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Emprego, de conformidade coa Constitución Española, cos Estatutos de Autonomía e coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local:

- a) Os servizos públicos de emprego das Comunidades Autónomas, en execución dos servizos e programas de políticas activas de emprego, poderán establecer os mecanismos de colaboración oportunos coas entidades locais.
- b) Os servizos públicos de emprego das Deputacións Provinciais, en execución dos servizos e programas de políticas activas de emprego, poderán establecer os mecanismos de colaboración oportunos coas entidades locais.
- c) Os servizos públicos de emprego das áreas metropolitanas, en execución dos servizos e programas de políticas activas de emprego, poderán establecer os mecanismos de colaboración oportunos coas entidades locais.

21.- Cantas parroquias ten Melide?

- a) 26
- b) 28
- c) 35

22.- Cantos artigos ten a Constitución Española

- a) 169
- b) 228
- c) 349

23.- Cando se aprobou el Estatuto de Autonomía de Galicia?

- a) 6 de abril de 1981
- b) 6 de maio de 1981
- c) 6 de xuño de 1981

24.- Cal das seguintes é a Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

- a) **Lei 39/2015**, de 1 de outubro
- b) **Lei 39/2015**, de 1 de novembro
- c) **Lei 39/2015**, de 1 de decembro

25.- A Organización territorial do Estado, atópase regulada na Constitución Española de 1978 no Título...

- a) Título Preliminar
- b) Título I, Capítulo V
- c) Título VIII.

26.- Segundo a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o Portal da Transparencia conterá información publicada de acordo coas prescricións técnicas que se establezan regulamentariamente que deberán adecuarse aos seguintes principios:

- a) Accesibilidade, interoperabilidade e reutilización
- b) Accesibilidade, interoperabilidade e prevención
- c) Accesibilidade, interoperabilidade e universalidade

27.- Cal é a Lei que regular a *Protección de Datos* Personais e garantía dos dereitos dixitais

- a) **Lei** orgánica 3/2018, de 5 de deciembre
- b) **Lei** orgánica 3/2019, de 5 de deciembre
- c) **Lei** orgánica 3/2020, de 5 de deciembre

28.- Segundo o artigo 53 da Constitución española, calquera cidadán/á poderá solicitar a tutela das liberdades e dereitos recoñecidos no artigo 14 e a Sección primeira do Capítulo segundo da Constitución española ante o Tribunal Constitucional a través do:

- a) Recurso ordinario
- b) Recurso de alzada
- c) Recurso de amparo

29.- Que artigos comprende o Título do Estatuto de autonomía dedicado ás competencias de Galicia?

- a) Do artigo 20 ao 26
- b) Do artigo 27 ao 38
- c) Do artigo 39 ao 41

30.- Pode ser candidato á Alcaldía no Concello dun municipio con 2.000 habitantes:

- a) Todos os veciños/as
- b) Os concelleiros/as que encabecen as súas listas respectivas
- c) Todos os veciños/as que teñan dereito de sufraxio pasivo

PREGUNTAS DE RESERVA

1.- Considéranse contratos menores segundo o artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,:

- a) Os de valor estimado inferior a 50.000 € cando se trate de contratos de obras ou a 10.000 € cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
- b) Os de valor estimado inferior a 40.000 € cando se trate de contratos de obras ou a 15.000 € cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
- c) Os de valor estimado inferior a 40.000 € cando se trate de contratos de obras ou a 18.000 € cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.

2.- Atópanse exentos do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE):

- a) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, durante os tres primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva aquela.
- b) As persoas físicas, sexan ou non residentes en territorio español.
- c) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, durante o primeiro período impositivo deste imposto en que se desenvolva aquela.

3.- Aprobado inicialmente o orzamento municipal, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma Uniprovincial:

- a) Por 10 días, durante os cales os/as interesados/as poderán examinalos e presentar reclamacións ante o pleno.
- b) Por 15 días, durante os cales os interesados/as poderán examinalos e presentar reclamacións ante o pleno.
- c) Por 20 días, durante os cales os interesados/as poderán examinalos e presentar reclamacións ante o pleno.

ANEXO III.- CORRECTOR

CORRECTOR

1	B
2	C
3	A
4	B
5	C
6	B
7	C
8	B
9	B
10	B
11	C
12	B
13	C
14	C
15	B
16	B
17	A
18	C
19	B
20	A
21	A
22	A
23	A
24	A
25	C
26	A
27	A
28	C
29	B
30	B
31	B
32	B
33	B

Convócase á Comisión Seleccionadora ás 09:00 horas e aos aspirantes enriba citados e que acadaron a puntuación mínima de 4,5 puntos, **ás 10:00 horas do martes día 30 de novembro de 2021 no Edificio Multiusos do Concello de Melide** para a realización do 2º exercicio da fase de oposición.

Melide, 25 de novembro de 2021

A Secretaria

María Cruz Andrade García

A presidenta

María Teresa Buján Mosquera